

Noite de amigos no Xerais



NACHO SANTÁS

Unha imaxe do aforo da noite dos Xerais 98', no Instituto que dirixe Isaac Díaz Pardo en Santiago

Os destinos de Xosé Miranda e Antonio Reigoso non os une Xerais. Os amigos, galardoados cos premios Xerais de novela e Merlín respectivamente, estaban xuntos antes, mesmo no proxecto de colección da editorial que Manolo Bragado reafirmou onte, ante a adquisición da multinacional francesa Havas, dentro dun estricto "monolingüismo".

Manolo Bragado
garante que
Xerais seguirá
a ser unha
editorial
monolingüe

O director de Xerais, Manolo Bragado, asegurou onte que Xerais nunca será unha empresa bilingüe, en relación coa adquisición do Grupo Anaya, no que se integra Xerais, pola multinacional francesa Havas. Bragado participou onte no acto de entrega dos premios Xerais e Merlín, xunto con destacados representantes do grupo español, como a súa presidenta, Maribel de Andrés Bravo, e o director da división educativa, Álvaro Robles.

Na súa intervención, Bragado salientou que esta edición dos premios da editorial "é interesante pola situación pola que está pasando a empresa", camiño de afianzar a súa liña e introducirse na multimedia gracias á adquisición de Havas. Neste sentido, o director de Xerais indicou que a adquisición da multinacional francesa serviría, así mesmo, para abrir novos proxectos.

Estes días, precisamente, formalizárase o desembraco do capital francés en Anaya, nunha operación que rolda os 35.000 millóns de pesetas.

A diferenza de anos anteriores, Víctor F. Freixanes —que abandonou os seus cargos no grupo español pero se mantén como asesor— non interveu na cea literaria.

A gala, na que colaboran o Concello de Santiago e Sargadelos e á que asistiron arredor de cincocentas persoas, foi presentada por Rosa Castro Legazpi.



NACHO SANTÁS

Xosé Miranda no momento de recoller o galardón

**'A literatura dura
sempre' secundaron
os 500 asistentes a
noite dos Xerais 98**

A noite dos Xerais 98 foi de optimismo. Como nos vellos xogos florais, o poeta e colaborador de EL CORREO GALLEGAL Salvador García Bodaño foi o 'mantedor' dun premios literarios que se quixeron festejar coa palabra e a música. Nun tempo onde se aventurou a fin da historia e dos libros, o autor de *Tempo en Compostela* non se esqueceu de lanzar un alegato polo futuro da escrita "creada para distraer, pensar e sentir", diante dun aforo, de arredor de 500 persoas, ategado de membros da 'familia Xerais'. Aínda así García Bodaño alonxouse dunha estrita lectura literaria para advertir "do excesivo incremento dos premios literarios en Galicia" ou do necesario "enraizamento" cos valores dun pobo, sempre ó fio do "proxecto frustrado da globalización". Foron recomendacións ante os riscos da imposición do pensamento único que abriron logo paso a un concerto de César Morán. Sete pezas do disco *Río de Son e Vento*, serviron de preámbulo á entrada dos galardoados, antes, sentados discretamente na última ringleira.

Os amigos, Miranda e Reigosa, entraron xuntos o Instituto que dirixe Isaac Díaz Pardo, o anfitrión da xornada. Os poucos ían entrando as outras familias, como a do CGAC, con Fernández Cid á fronte; ou o ILG con Antón Santamarina, Manolo González ou Carme Hermida co

filólogo Fernández Rey. Precisamente o Xosé Luis García Crego, en nome de Xerais, fíxolle entrega do premio á colaboración editorial ó Instituto da Lingua Galega (ILGA) por "forxar a norma e axuda fraterna e desinteresada ó seu financiamento, ó seu núcleo irreductible aberto a todos os que traballamos en galego". Homes e mulleres da escrita: Fina Casalderrey, Manolo Rivas, Cid Cabido, Méndez Ferrín, Pousa Antelo, Anxo Tarrío, Blanca Roig, Alfredo Conde, Xabier Alcalá, García Teixeira, Miro Villar, Fran Alonso, Carlos Mella, Fernández Paz ou Xosé Carlos Caneiro entraban ó auditorio xunto con representantes sindicais e da política. Alí estaban Encarna Otero, do BNG, ou Xosé Sánchez Bugallo do PSOE.

A cita tampouco faltaron representantes do Goberno galego como o director xeral de Cultura, Pérez Quintana, acompañado do doutor Sixto Seco; membros do campus compostelán como Blanca Roig ou o decano de Pedagogía Antón Costa ou a presidenta da Mesa pola Normalización Lingüística, Concha Costas. Aplausos prolongados para a mención ó ILG e apoio unánime a esa "literatura dura sempre. É futuro" que apuntalou o 'mantenedor' da noite do Xerais, García Bodaño.

SANTIAGO
Redacción